

Memoria xustificativa da addenda número 1 ao convenio de colaboración entre a Autoridade Portuaria da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas para a execución dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote no porto da Coruña.

1.- Antecedentes.

O 1 de agosto de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria da Coruña para a construción dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote no porto da Coruña.

O orzamento necesario para a construción do edificio estimase en 378.016,40 IVE non engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas comprometeuse na cláusula cuarta a financiar a actuación, ata un máximo de trescentos setenta e oito mil dezaseis euros con corenta céntimos (378.016,40 €) con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.703.0, código de proxecto 2025 00003, dos seus orzamentos, de acordo coa seguinte distribución:

1. Ano 2025: 100.000,00 €. IVE non incluído
2. Ano 2026: 278,016,40 €. IVE non incluído

2.- Razóns de necesidade e oportunidade

Con data 22/10/2025 a Autoridade Portuaria da Coruña solicita unha addenda ao citado convenio para modificar a cláusula referente ao investimento e a súa distribución por anualidades.

Basea a súa solicitude en que aínda non rematou o proceso de adxudicación das obras polo que é inviable xustificar o investimento previsto para 2025 e propoñen transferir o seu importe á anualidade 2026.

Ámbalas dúas partes desexan que o obxecto do convenio, a construción dun edificio de servizos da estrutura flotante do Parrote, se poida levar a cabo polo que cómpre tramitar a addenda solicitada que afecta a redacción da cláusula cuarta, compromisos



da Axencia Galega de infraestruturas, quinta, xustificación e pagamento, para suprimir as referencias á anualidade 2025 e undécima, vixencia do convenio, para suprimir as referencias a financiación de 2025.

3.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza Martínez

